

ACORDO POLO QUE SE MODIFICA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE COVELO NO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA O DESENVOLVEMENTO DAS OBRAS DE REFORMA DO CENTRO DE SAÚDE DE COVELO

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2020

REUNIDOS:

Dunha parte, **D. Jesús Vázquez Almuiña**, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito a dita consellería, actuado en nome e representación deste último, no exercicio das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e de conformidade co establecido no Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E doutra parte, **D. Juan Pablo Castillo Amigo**, actuando en nome e representación do Concello de Covelo (CIF P3601300A), en virtude da súa condición de alcalde-presidente da citada corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA) e o artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

As partes intervinientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio, e para estes efectos,

EXPOÑEN:

I. Con data 7 de abril de 2020, asinouse o convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Covelo no que se establecen as bases para o desenvolvemento das obras de reforma do centro de saúde de Covelo.

II. De conformidade co establecido na súa cláusula segunda do convenio, o Concello de Covelo asumía a contratación, dirección e execución das obras de reforma do centro de saúde, correspondendo ao Servizo Galego de Saúde, entre outras obrigas, a elaboración e supervisión do correspondente proxecto técnico de obras.

III. Con todo, e coa finalidade de axilizar a execución das obras de reforma, o Concello de Covelo finalmente decidiu encargarse da elaboración e supervisión do proxecto, polo que procede modificar a redacción da cláusula segunda do convenio.

Á vista do anterior, ambas as dúas partes asinan o presente acordo de modificación de conformidade coa seguinte,

Cláusula única: Modifícase a redacción da cláusula segunda do convenio, que queda redactada do seguinte xeito:

“1. O Concello de Covelo, como titular do centro de saúde, asume as seguintes obrigas:

- Elaboración e supervisión do correspondente proxecto técnico de obras.
- Contratación, dirección e execución das obras de reforma do centro de saúde.

2. Corresponderá ao Servizo Galego de Saúde a coordinación, xunto co concello, daquelas actuacións que resulten necesarias para garantir o mantemento e a continuidade asistencial durante o prazo de execución das obras.”

En proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente acordo, por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento, para a súa unión ao convenio entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Covelo do 7 de abril de 2020.

POLO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

POLO CONCELLO DE COVELO

Jesús Vázquez Almuiña

Juan Pablo Castillo Amigo